

## 6- Recoñecementos de materias entre as titulacións de Grao en Xornalismo e Grao en Economía da Universidade de Santiago

A Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais acordou informar positivamente e elevar a seguinte proposta de recoñecementos de estudos de Grao en Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela (USC) polos de Grao en Economía tamén da USC.

### 1.- FORMACIÓN BÁSICA DA RAMA DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS DO GRAO EN XORNALISMO (FB)

<b>Código</b>	<b>Nome</b>	<b>Créditos</b>
G3031104	Dereito da Información	6
G3031101	Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos	6
G3031102	Historia do Mundo Actual	6
G3031103	Fundamentos da Economía da Información	6
G3031207	Fotoperiodismo	6
G3031206	Industrias Culturais	6
G3031204	Documentación Informativa	6
G3031201	Estatística Aplicada á Comunicación	6
G3041205	Comunicación Interpersoal e Comunitaria	6
<b>Total</b>		54

Recoñécense os 54 créditos de FB da rama de ciencias sociais e xurídicas coas seguintes especificidades:

- a. De ter superados os 54 créditos de FB da rama de ciencias sociais e xurídicas o solicitante deberá cursar a materia G3061102 Contabilidade Xeral I do Grao en Economía para completar os 60 créditos de FB establecidos na titulación. Recoméndase, ós efectos de completar as carencias formativas derivadas deste recoñecemento, a matrícula nas seguintes materias: G3061109 Administración de Empresas, G3061101 Principios de Economía, G3061105 Matemáticas para Economistas I e G3061110 Matemáticas para Economistas II.
- b. De non ter superados os 54 créditos de FB serán os Centros os responsables de informar tanto das materias de FB que terá obrigatoriamente que cursar o solicitante como das que se recomenda a súa matrícula.